



## Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Medio social e cultural e a súa didáctica			Código	652G01025
Titulación	Grao en Educación Infantil				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6	
Idioma	Galego				
Prerrequisitos					
Departamento	Didácticas Específicas				
Coordinación	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es		
Profesorado	Bas López, María Begoña	Correo electrónico	begona.bas@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>O coñecemento do Medio Social e Cultural está directamente relacionado coas Ciencias Sociais. Os fundamentos conceptuais e procedementais destas forman a bagaxe necesaria na formación das mestras e dos mestres para a transferencia didáctica ao alumnado de Infantil.</p> <p>A materia está fundamentada sobre da base de que para coñecer e comprender o contorno sociocultural é necesario o recoñecemento da curiosidade como motor do coñecemento, a formación dunha mente crítica e de compromiso, e a valoración da creatividade, da imaxinación e da sensibilidade.</p> <p>Contémpanse os presupostos teóricos e as experiencias realizadas na Educación Infantil, para a comprensión dos conceptos, metodoloxías, recursos e liñas de acción didáctica. A materia desenvólvese nestes parámetros e na súa programación cobran especial importancia o traballo activo do alumnado para coñecer, experimentar, deseñar e aplicar a metodoloxía para a didáctica do medio social e cultural.</p>				

## Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Comprender os procesos educativos e de aprendizaxe no período de 0-6, no contexto familiar, social e escolar.
A5	Saber promover a adquisición de hábitos en torno á autonomía, a liberdade, a curiosidade, a observación, a experimentación, a imitación, a aceptación de normas e de límites, o xogo simbólico e heurístico.
A24	Dominar as técnicas de observación e rexistro.
A25	Abordar análises de campo mediante metodoloxía observacional utilizando tecnoloxías da información, documentación e audiovisuais.
A26	Saber analizar os datos obtidos, comprender criticamente a realidade e elaborar un informe de conclusións.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A36	Coñecer a metodoloxía científica e promover o pensamento científico e a experimentación.
A37	Adquirir coñecemento sobre a evolución do pensamento, as costumes, as crenzas e os movementos sociais e políticos ao longo da historia.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A66	Coñecer formas de colaboración cos distintos sectores da comunidade educativa e do contorno social.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidosas.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.



B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
Adquirir os coñecementos fundamentais e necesarios para a comprensión do medio social e cultural e a metodoloxía propia das ciencias sociais para aplicala ao coñecemento do medio social e cultural.	A36 A37	B10 B11	C1 C7
Desenvolver a capacidade de análise e síntese, de esquematización e discernir o prioritario do secundario. Desenvolver o pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.		B1 B3 B10 B12 B17	
Desenvolver estratexias de traballo autónomo e en grupo a fin de potenciar a planificación, organización, a discusión, o diálogo e a negociación na fundamentación do ensino. Presentación de propostas de materiais didácticos, actividades, proxectos unidades didácticas e análises de experiencias. Desenvolver a capacidade para presentar, defender e debater ideas con argumentación sólida.	A24 A25 A26 A29 A66	B4 B5 B17 B22	
Adquirir a capacidade de transferir os coñecementos teóricos e prácticos da materia aos contextos das aulas de infantil con programacións e proxectos no marco da lexislación.	A1 A5 A62	B8 B15	
Promover o interese, o coñecemento e o respecto polo medio social e cultural propio, valorando o entorno inmediato. Promover o interese, o coñecemento e o respecto por sociedades e culturas diferentes.	A40	B6 B20 B24	C4

Contidos	
Temas	Subtemas
Unidade 1: Introducción ao medio social e cultural	1.1. Conceptos e interpretacións. Medio social e cultural e a relación coas ciencias sociais. Dimensión didáctica das ciencias sociais.
Unidade 2: Ensino-aprendizaxe do medio social e cultural na Educación Infantil	2.1. O currículo na educación infantil: contidos sociais e culturais. Análise dos obxectivos e os contidos. As competencias básicas. A avaliación.  2.2. Métodos, procedementos e recursos para o coñecemento do medio. Orientacións metodolóxicas. O traballo por proxectos
Unidade 3: As coordenadas espazo e tempo e a formación do pensamento social	3.1. A comprensión do espazo e do tempo: percepción e conceptualización. O contorno sociocultural nas coordenadas espazo-temporais. A vida en sociedade  3.2. O ensino-aprendizaxe do espazo e do tempo. Pensar e expresar o espazo e a idea de tempo. A representación.
Unidade 4: Recursos e materiais didácticos sobre o medio social e cultural	4.1. Recursos e soportes. Recursos da aula e do centro escolar. Recursos externos.  4.2. Os materiais didácticos: funcións, clasificación, contexto. O deseño de actividades.



Unidade 5: Tems formativos para o coñecemento do medio social e cultural	<p>5.1. O contorno inmediato e o potencial educativo. Elaboración de propostas para a didáctica.</p> <p>5.2. Patrimonio cultural. Concepto e aplicación á didáctica. Introducción ao coñecemento do medio social e cultural de Galicia.</p> <p>5.3. Didáctica do patrimonio. O patrimonio cultural en Galicia. Propostas didácticas para o ensino-aprendizaxe.</p>
--	--

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	2	0	2
Análise de fontes documentais	1.5	1.5	3
Discusión dirixida	2	2	4
Eventos científicos e/ou divulgativos	1.5	1.5	3
Presentación oral	4	10	14
Saídas de campo	7	21	28
Seminario	9	27	36
Recensión bibliográfica	1.6	2.4	4
Sesión maxistral	21	0	21
Proba mixta	3	30	33
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Cada bloque temático iníciase con exposicións de ideas que permitan aproximarse aos coñecementos previos do alumnado e á súa motivación e interese polo tema para acadar os obxectivos en cada un e no conxunto da materia.
Análise de fontes documentais	Ao longo do curso, o alumnado terá ocasión de coñecer e manexar diversas fontes de información e documentación: orais, escritas, gráficas, iconográficas, epigráficas... así como artigos en revistas, libros, audiovisuais, páxinas web, etcétera. O traballo coas fontes servirá para a adquisición de coñecementos sobre das mesmas e para o seu recoñecemento e utilización como recursos didácticos.
Discusión dirixida	Levarase a cabo durante todo o curso, con especial incidencia naqueles temas que requiran unha maior participación na discusión, para traballar a capacidade de expresión oral, diálogo e argumentación principalmente.
Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación a un evento formativo que poderá ser en calquera modalidade de interese: conferencia, proxección, representación, exposición, etcétera. As alumnas e alumnos realizarán unha reflexión acerca da actividade.
Presentación oral	Os traballos de propostas de accións didácticas que se desenvolvan, serán obxecto de exposicións na aula por parte de todos os membros de cada pequeno grupo diante do grupo completo. Estas exposicións serán realizadas tanto ao presentar os traballos finalizados como durante a elaboración dos mesmos, algúns deles "in situ" en relación coas saídas de campo. Promoverase o intercambio de ideas, análise do exposto e suxestións para conseguir o debate construtivo acerca das propostas ou traballos presentados por cada pequeno grupo.



Saídas de campo	<p>Constitúen unha parte moi importante no desenvolvemento da materia e serán saídas programadas a contextos educativos e a contextos do contorno inmediato.</p> <p>Realizaranse diferentes tipos de saídas en relación coas tipoloxías establecidas sobre das mesmas e traballadas nas sesións expositivas, a fin de que o alumnado teña un coñecemento dobre: os tipos de saídas e o propio medio ou contorno inmediato. O alumnado desenvolverá capacidades relacionadas coa observación directa e sistemática, a experimentación, a recollida de información e a realización de propostas didácticas.</p> <p>Preténdese a inmersión no medio para a súa comprensión integral.</p>
Seminario	<p>Realización de proxectos ou propostas de acción didáctica, formulado dende o prisma dos seminarios e a súa técnica de discusión, participación, elaboración de documentos e conclusións. Organización en pequenos grupos para traballar conxuntamente en propostas didácticas relacionadas, principalmente, coas saídas de campo e con temas que xurdan da dinámica da propia materia e do grupo e temas propostos pola profesora.</p> <p>Os traballos en pequenos grupos serán presentados e debatidos no gran grupo conxuntamente.</p>
Recensión bilbiográfica	<p>Realizaranse lecturas críticas de artigos de revistas, capítulos de libros ou calquera outro tipo de texto. Traballarase a comprensión, a capacidade de síntese e a valoración crítica, principalmente.</p>
Sesión maxistral	<p>As explicacións teóricas referiranse ós contidos básicos que forman a estrutura de cada tema. Realizaranse co apoio de documentación específica e medios audiovisuais e estará directamente relacionada coas metodoloxías utilizadas na docencia interactiva.</p>
Proba mixta	<p>Ao longo do curso iranse realizando probas sobre contidos traballados nas sesións expositivas e nas interactivas. Realizarase unha proba escrita na primeira oportunidade de avaliación que versará tanto sobre aspectos teóricos tratados na docencia expositiva como nos prácticos das sesións interactivas. Teranse en conta aspectos tales como coñecemento dos conceptos fundamentais da materia, corrección e claridade na expresión, capacidade de síntese, capacidade de relación e creatividade.</p>

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	<p>O alumnado recibirá atención personalizada que o oriente na metodoloxía para a realización das recensións bibliográficas e dos seminarios, así como no seguimento destes.</p>

## Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba mixta	<p>Consta de dúas partes:</p> <ol style="list-style-type: none"><li>1. Ao longo do curso iranse realizando probas sobre contidos traballados nas sesións expositivas e nas interactivas na práctica de diferentes metodoloxías. Estas probas puntuarán ate 10.</li><li>2. Realizarase unha proba escrita na primeira oportunidade de avaliación que versará tanto sobre aspectos teóricos tratados na docencia expositiva como nos prácticos das sesións interactivas. Teranse en conta aspectos tales como coñecemento dos conceptos fundamentais da materia, corrección e claridade na expresión, capacidade de síntese, capacidade de relación e creatividade. Esta proba puntuará ate 40.</li></ol>	50
Presentación oral	<p>Presentaranse na aula proxectos, esquemas e resultados do traballo do alumnado sobre dos temas tratados na aula, nas saídas ao medio e en calquera das cuestións tratadas na materia.</p>	10
Saídas de campo	<p>Puntuará a asistencia, participación activa e traballo anterior e posterior ás saídas ao medio.</p>	20
Seminario	<p>Os proxectos que se realicen serán avaliados, principalmente, segundo criterios de planificación, corrección nos contidos, idoneidade para o nivel ou ciclo que se deseñen e creatividade nas propostas didácticas.</p>	20

## Observacións avaliación



Na avaliación terase en conta a asistencia a clase nas sesións expositivas e a participación activa nas sesións de docencia interactiva, que serán de obrigada asistencia. Valoraranse os coñecementos adquiridos, a comprensión e capacidade de síntese, a claridade expositiva oral e escrita e a participación e cumprimento nas tarefas que se encomenden tanto individuais como en grupo.

-Na primeira oportunidade de avaliación terán carácter de NON PRESENTADO aquelas/es alumna/os que non concorran á "proba mixta", e non realizaran as actividades e tarefas encomendadas ao longo do curso que se inclúan nas metodoloxías relacionadas. Por tanto, para ter NON PRESENTADO non poden ter feito actividade ningunha da materia.

-Terán carácter de SUSPENSO

aqueles/as alumnos/as que non téndose presentado á "proba mixta" tiveran realizado previamente calquera das outras actividades e tarefas encomendadas ao longo do curso que se inclúan nas "metodoloxías". De superaren as avaliacións destas actividades (que puntúan: 10 "presentación oral"; 20 "saídas ao medio"; 20 "seminario"), conservaráselles a cualificación ate a segunda oportunidade de avaliación.

-Os/as alumnos/as que concorrendo a unha segunda oportunidade de avaliación non tiveran realizado as actividades de avaliación propia e as de avaliación continua, terán realizar esta proba única na que terán que facer fronte a preguntas relativas a aquelas, debendo obter nestas preguntas unha cualificación mínima de 5.0.

-Para superar a materia os/as alumnos/as deberán superar cada unha das dúas partes: proba mixta e a suma das tres probas.



<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Rodríguez Lestegás, F. (1984.). Didáctica das Ciencias Sociais na Educación Infantil.. Vigo: Ed. Ir Indo.</li> <li>- Prats, J. y Santacana, J. (2009). Ciudad, educación y valores patrimoniales. La ciudad educadora, un espacio para aprender a ser ciudadanos.. Íber, 59, pp. 8-21</li> <li>- Cooper, H. (2002). Didáctica de la historia en la educación infantil y primaria. . Madrid: Morata.</li> <li>- Rivero Gracia, P. (coord.) (2011). Didáctica de las ciencias sociales para Educación Infantil.. Zaragoza: Mira Editores</li> <li>- Hernández Cardona, F.X. (2002). Didáctica de las ciencias sociales, geografía e historia. . Barcelona: Editorial Graó.</li> <li>- Aranda Hernando, A.M. (2003). Didáctica del conocimiento del medio social y cultural en la educación infantil.. Madrid: Ed. Síntesis.</li> <li>- Pérez, E.M., Baeza, M.C., Miralles, P. (2008). El rincón de los tiempos. Un palacio en el aula de Educación Infantil.. Revista Iberoamericana de Educación, 48:1-10.</li> <li>- AA.VV. (1998). Enciclopedia General de la Educación.. Barcelona: Océano Grupo Editorial</li> <li>- Pluckrose, H. (1993). Enseñanza y aprendizaje de la Historia. . Madrid: MEC ? Ediciones Morata.</li> <li>- Benejam, P. e Pagès, J. (coords.) (1997). Enseñar y aprender Ciencias Sociales, Geografía e Historia en la Educación Secundaria.. Barcelona. ICE-Horsori</li> <li>- Egan, K. (1991). La comprensión de la realidad en la educación infantil y primaria. . Madrid: Morata.</li> <li>- Cuenca, J.M. (2008). La enseñanza y aprendizaje de las ciencias sociales en Educación Infantil.. Jaén: Universidad de Jaén.</li> <li>- Miralles, P., S. Molina y A. Santisteban (eds.) (2011). La evaluación en el proceso de enseñanza y aprendizaje de las ciencias sociales. . Murcia: A.U.P.D.C.S.</li> <li>- Benejam, P. et al. (2002). Las ciencias sociales: concepciones y procedimientos.. Barcelona: Graó.</li> <li>- Escamilla, A. (2009). Las competencias básicas en la programación de aula: infantil y primaria (3-12 años).. Barcelona: Graó.</li> <li>- Trepal, C-A. (1995). Procedimientos en Historia. Un punto de vista didáctico.. Barcelona: Editorial Graó.</li> </ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lisón Tolosana, C. (1971). Antropología cultural de Galicia.. Madrid: Siglo XXI de España Editores</li> <li>- Mariño Ferro, X.R. (2000). Antropoloxía de Galicia.. Vigo: Xerais.</li> <li>- Llano, P. de (1981). Arquitectura popular en Galicia.. Santiago: COAG.</li> <li>- Caamaño Suárez, M. (2003). As construción da arquitectura popular: Patrimonio Etnográfico de Galicia. A Coruña: Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos de Galicia</li> <li>- Coma Quintana, L., Santacana i Mestre, J. (2010). Ciudad educadora y patrimonio. Cookbook of heritage.. Gijón: Nigra.</li> <li>- AA.VV. (1991-2008). Galicia. Proxecto Hércules.. A Coruña: Hércules de edicións</li> <li>- Otero Pedrayo, R. (1962). Historia de Galiza.. Buenos Aires: Editorial Nós.</li> <li>- Bas, B. (2011). Imaxes do patrimonio cultural para traballar as competencia básicas.. A Coruña: XI Congreso Internacional Galego-Portugués de Psicopedagogía.</li> <li>- Coma. L. (2009). La evaluación de las actividades patrimoniales.. Íber, 59-22-37.</li> <li>- Carballo Arceo, L. X (2000). Os castros galegos. . Vigo: A Nosa Terra.</li> </ul>

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Medio histórico e xeográfico de Galicia e a súa didáctica/652G01029

### Materias que continúan o temario

## Observacións

É de grande importancia a participación activa nas sesións interactivas así como en todas as actividades derivadas das metodoloxías da materia. A asistencia a estas é de cumprimento obrigado.



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías